

## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### PORTOS DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2016 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios nas instalacións portuarias de Noia.*

A Área de Explotación e Planificación Portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios nas instalacións portuarias de Noia, no termo municipal do mesmo nome, na provincia da Coruña, e adscritas ao ente público para a súa xestión. Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia que tivo lugar o día 21 de abril de 2016, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios nas instalacións portuarias de Noia, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e o referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria do 15 de abril de 2016, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o Acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 21 de abril de 2016 polo que dá a conformidade á delimitación dos espazos e usos nas instalacións portuarias de Noia e o eleva e o propón para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Mar conferida por Orde do 30 de marzo de 2012, resolve:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios das instalacións portuarias de Noia (A Coruña), na súa última versión asinada en xaneiro de 2016 polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Andrés D. Cervantes Refojos, como xefe do



Departamento de Planificación Portuaria, e Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2016

José Juan Durán Hermida  
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: sfesulif7-6uc3-elb4-2gm8-fv8n84-7ja623

